



INFORMACIÓN DAS MESAS 10ª E 11ª DO CONVENIO COLECTIVO ESTATAL DE INFANTIL

A patronal segue instalada no inmobilismo e no involucionismo do XII convenio de Educación Infantil e o resto de sindicatos renuncian a mobilizarse

A patronal fai unha nova proposta que está moi afastada da parte social e as demais OO.SS por maioría deciden contestar cunha contraproposta nos mesmos puntos que a patronal, engadindo os permisos e obviando o resto do articulado, ao que só se lle farían adaptacións legais. Nós propuxemos que debiamos manternos nas reivindicacións que tiñamos, cuns mínimos movementos, ao igual que fan eles e senón mobilizar o sector, pero foron descartadas estas propostas polas demais OO.SS.

Deste xeito a PATRONAL fai a seguinte proposta en bloque partindo de deixar pechada a Clasificación Profesional:

- Ámbito salarial: Para os anos 2016, 2017 e 2018 mantemento dos salarios, é dicir, conxelación. Logo presentan a seguinte proposta salarial chamada “**subidas heteroxéneas por categorías profesionais**”:

	GRUPO1-MESTRES-TITULADOS	EDUCADORES/AS	RESTO PERSOAL
ANO 2019	Suba do 0,5%	Suba do 3%	S.M.I.*
ANO 2020	Suba do 0,5%	Suba do 2%	S.M.I.*
ANO 2021	A negociar Nese ano	A negociar nese ano	A negociar nese ano

*SMI dos 900€ segundo se recolle no R.D. Lei do goberno.

- **Eliminación da xornada semanal**, manténdose só a referencia da xornada anual como está.

- Con respecto á **Incapacidade Temporal** aplicaríanse os criterios marcados polo Réxime Xeral da Seguridade Social dende o comezo até o día 7º, e a partir do 8º de baixa a empresa complementaríala o 100% do salario até o día 104º.

- A **subrogación na empresa estenderíase** a todos os tipos de centros.

- Establecer unha **nova Cláusula de Inaplicación salarial** que facilite o descolgue ás empresas con problemas económicos.

Pola parte SOCIAL, logo das críticas polos 6 meses de suspensión das negociacións, déuselle traslado das propostas prioritarias para chegar a un acordo:

- Xornada: Inaceptable, hai que manter xornadas semanais deixando todo tal cal está. Nós aquí demandamos que unha parte da xornada tiña que ser **non lectiva** para facer as programacións (nas definicións das funcións non se eximían as educadoras de facelas), ou que como mínimo se adapten as xornadas semanais ás anuais pois estas están infladas.

- Salarios: Aceptaríanse as conxelacións de 2016 e 2017 e as subidas heteroxéneas por categorías, pero a proposta salarial tería que ir nos seguintes termos:

	GRUPO1-MESTRES-TITULADOS	EDUCADORES/AS	RESTO PERSOAL
ANO 2018	1% dende xaneiro ou 2% dende setembro		
ANO 2019	Suba do 2%	1.000€	900
ANO 2020	Suba do 2%	1.000€	1.000
ANO 2021	Suba do 2,5%	Suba do 2,5%	Suba do 2,5%

Para a CIG-Ensinos debería introducirse unha cláusula de revisión salarial que garantira o IPC

Para os traballadores/as de **fundacións, obras sociais e caixas de aforros**, ás porcentaxes de subida mencionadas anteriormente, un incremento a maiores segundo recursos.

Para os traballadores/as de **centros de Xestión Indirecta**, unha suba igual ás demais e a maiores

crearíase un **Complemento Xeral (C.X.) consistente no 12% do salario base para o 2019, e outro 12% para o 2020**, que se comezarían a cobrar ao licitar os novos pregos das concesións dos servizos públicos (tal e como recolle a nova Lei de contratos públicos "as cantidades farán referencia ás táboas salariais marcadas no convenio de sector"), estando todos obrigados a revalos en 2021, é dicir, en xaneiro deste ano terían todos os traballadores/as garantida a suba do 24% do salario no novo C.X. cobrándoo como moi tarde en xaneiro do 2021.

Con respecto ás **escolas concertadas**, traballarían segundo os módulos de concerto. Nós neste punto discrepamos, pedindo a negociación como no VI convenio da concertada.

- **Subrogación**: acéptase que recolla a todos os traballadores/as, sexan do tipo de centro que sexan. Sería cuestión de estudar a redacción do artigo, cando a presente a patronal.

- **Cláusula de inaplicación salarial** a empresas con problemas económicos, aceptaríase pero pendente de estudar redacción do artigo, cando o traia á mesa a patronal.

- **Incapacidade Temporal (I.T.)**: inaceptable a proposta da patronal e propoiamos que **na 1ª baixa por enfermidade común no ano se cobre o 100%** do salario. **Na 2ª baixa o 100% dende o 4º día** ata o 105 día de baixa. Logo xa segundo o Réxime da SS para todas as que haxa no resto do ano natural. Non entrarían as enfermidades graves (segundo R.D.).

- **Permisos**: especificar que serán referidos todos en **días laborables**. Permiso para acudir a citas de médicos, especialistas, probas médicas, urxencias..., recoñecendo o dereito tamén para o acompañamento ás mesmas de **familiares menores e até 2º grado a cargo que non poidan valerse por eles mesmos**. Dende Cig-EnsinO demandamos unha bolsa de horas anuais para xestións burocráticas ou

temas persoais (bancarias, administrativas, titorías fillos/as, separación... ou días de asuntos propios.

- **Clasificación Profesional** aceptaríase toda a súa proposta, deixando aberta a posibilidade de diferenciar as funcións da mestra e as da educadora, no sentido de non ter que facer as programacións ou, no caso de ter que facelas, recoñecer horas non lectivas semanais.

Tras un receso para valorar as propostas realizadas, a bancada patronal mostrou a súa disconformidade, ao igual que a bancada social amosamos a nosa antes do receso que pedimos para un "consenso" da nova proposta social. Ao final, as demais OO.SS mostraron unha total conformidade con adaptarse aos artigos propostos pola patronal sendo nós, os únicos críticos con non renunciar a outras reivindicacións do resto do articulado, ademais de discrepar con algunhas propostas acordadas maioritariamente pola bancada social, por ser case coincidentes coas da patronal e aceptar involucións ou perdas de dereitos nalgún artigo. Desde a CIG-EnsinO propomos mobilizacións para cambiar o inmovilismo e involucionismo das patronais dende o comezo das negociacións. As demais OO.SS nin tomaron en conta a nosa proposta nin a de manternos máis reivindicativos, aprobando ao final un postulado de achegamento á patronal.

Desde a CIG-EnsinO acabamos defendendo tamén esta proposta, con matices tal e como expuxemos na mesma, non estando dispostos a ceder máis pois neste momento de crecemento económico débese avanzar nun único sentido, o de **mellorar e dignificar o convenio en dereitos laborais e salariais**. Nos momentos de crise os recortes foron contundentes e máis neste convenio que é dos peores no sector do ensino.

A próxima mesa de negociación está convocada para o **27 de febreiro** en ACADE ás 10:30h.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal